



COMISIÓN DE CENTRO
ACTA 7/08

ASISTENTES:

POLA DIRECCIÓN

O XERENTE

D. José Luis Díaz Fernández
A DIRECTORA DE XESTION E
SS.XX.

Dona Francisca Álvarez Giráldez
O DIRECTOR DE ENFERMARIA

D. Tomás Lerma Merino
A DIRECTORA DE RR.HH. e RR.LL.
Dona Belén Baltar Trabazo

POLA COMISIÓN DE CENTRO

D. Antonio Iglesias Duarte (CIG)
Dona M^a Xosé Rodríguez Vilaseco
(CIG)

Dona Isabel Sotelo Bolaño (CIG)
Dona Ana Rodríguez Veloso (USAE)

Dona Araceli Loureiro Sousa (CC.OO.)
D. Albino Sanmiguel Cid (CC.OO.)

D. Miguel A. Estévez Fernández
(UGT)

D. Marco A. Llorente Suárez (UGT)

D. Manuel del Riego Conde (CSI-
CSIF)

Dona Lourdes Carbajo Núñez
(CEMSATSE)

D. Enrique Fernández-Carrera Soler
(O'MEGA)

Dona Purificación Villar de Toro
(SGPS)

Sendo as nove horas do día once de decembro de dous mil oito, reunidas as persoas que se citan á marxe, comeza a reunión tratando o primer punto da orde do día, **CELADORES DE QUIRÓFANOS DO HOSPITAL XERAL**, aclarándose que, na reunión anterior, se dixo que se reforzou mentres non se podía estabilizar cos vínculos de servizos determinados solicitados, xa que se explicou que no persoal sanitario se pediu e xa se teñen pero no caso dos celadores aínda que hai solicitada autorización para 13 servizos determinados para o Hospital Xeral (Reanimación máis quirófanos), aínda non viñeron autorizados.

Pásase o segundo tema, **GFH TOMÁS LÓPEZ DÍAZ**. A Comisión de Centro di que o traballador o solicitou o seu xefe, mais se lle contestou que non dependía deles, por iso se trae a esta reunión. Explicase por parte da Dirección de Recursos Humanos cal é o procedemento, a comunicación por parte do mando da imputación do GFH. Aclárase que se lle correxirá coa data de efectividade que houbese tido e non se lle causa prexuízo algún ó traballador. Tamén, aclararase a cuestión da dependencia, se ben dubídase de que non se coñeza a mesma e tratarase dun malentendido.



Continúase co seguinte tema, **PERSOAL EN QUENDA DE DISCAPACITADOS**. A Comisión de Centro confirma se se lles animou a que collesen unha IT. Négase tal apreciación e informase que dunha porcentaxe moi alta dos incorporados non se dispoñía da documentación para a súa adaptación de posto de traballo, polo que fíxose a petición de informe as Unidades de Prevención de Riscos Laborais e xa se teñen agora todos os informes.

Aclárase que primeiro elixeron e logo, adecuouse ó posto de traballo que lles tocou respecto das funcións dacordo coas súas limitacións , e logo se pediron os informes a UPRL para readecuar o persoal que fose necesario.

En canto o **PROCEDEMENTO DE ADECUACIÓN DE POSTOS POR ENFERMIDADE** a Dirección de Recursos Humanos explica en que fase está, xa foi aprobado pola Comisión de Dirección, trasladado o persoal facultativo das Unidades de Prevención de Riscos laborais e espérase que antes do remate do ano esté en marcha.

Pásase a tratar o seguinte tema da orde do día, **RESTRUCTURACIÓNS**. Que se cumpla o **Acordo asinado de maio 2005**. A comisión de Centro advírteo para non verse con feitos consumados e ante a información que se ten do que se pretende facer

A continuación trátase o punto relativo ó **ESTACIONAMENTO DO H. MEIXOEIRO, RESERVA POSTOS**. A Comisión de Centro di recibiu escrito asinado por traballadores en contra das prazas reservadas para o persoal de Urgencias. O Xerente di que a dita reserva ven xustificada polo resultado dunha folga do persoal facultativo, que ademáis teñen unha quenda de traballo de 12 horas , sendo o seu horario é de 9.00 a 21.00 horas, polo que entran máis tarde do horario habitual coa consiguiente dificultade de aparcamento, polo que confirma que non se vai a sacar o reservado.

Pásase a tratar o tema, **CELADORES DE QUIRÓFANO/PSIQUIATRÍA DO H. MEIXOEIRO**. A Comisión de Centro informa que hai un problema xa que se ten adecuado en psiquiatría unha traballadora que necesita que en momentos teñan que seguir indo os celadores de quirófano , o que conleva a veces cambios no cuadrante. A Directora de Xestión di que se leva como calquera outro cuadrante, non se cambiou o cuadrante e que si se fixera se comunicaría . A persoa adecuada recorreu a adecuación nese posto de traballo e se está vendo como resólvelo.

A Comisión de Centro di que o adecuar provoca un cambio de rotación e non de carteleira. Alegase que a adscrición do persoal é a Unidade quirófano/psiquiatría por mobilidade interna e plantéxase que a dita adecuación prexudica ó resto dos



traballadores da Unidade.

Tratase **CAMBIO DE UBICACIÓN DE ENFERMARÍA HADO. CRITERIOS APLICABLES**. A Comisión de Centro denuncia que se mandou a unha traballadora un día ó Hospital Meixoeiro.

A Dirección de Enfermaría informa que ante as necesidades asistenciais existentes é necesaria a cobertura un día no H. Meixoeiro e mándase a quen está coa mesma quenda, tamén baixa persoal de H. Meixoeiro o N. Peña. Non se entende cal é o problema e ante a pregunta da rotación existente, aclárase que se ben así se establece como forma de traballo, a día de hoxe aínda non se executou agás necesidades puntuais, como a que se está a tratar.

Rematada a orde do día trátanse outros temas:

- Cambio da data da reunión solicitada para o tema Arquivo.
- Plantexase o tema da tramitación das Comisión de servizos.- Aclárase o procedemento que se debe seguir. Explicase o acontecido cos informes desfavorables das solicitudes tramitadas polo XAP de OU. Quedaron pendentes para despois do período navideño. Esta medida non só se fai neste caso senon que é xeral para todas as comisións de servizo, tanto para vir como para marchar.
- A C. Centro quere lembrar a obrigabilidade de contratar por cada causa ou motivo e non por acúmulo de tarefas, sendo un abuso este tipo de contratación, sobre todo no persoal non sanitario.
- Mantemento. A C. Centro quere trasladar a última reunión que tivo co persoal e na que se plantexou que non se entenden 9 xefaturas no Servizo e considerase que o incremento necesario é de 3 fontaneiros, 2 mecánicos e 2 electricistas e 1 calefactor (traído do P. Cíes).
A Dirección de Xestión di que non se pode falar das xefaturas dese modo, xa que se obvia que están falando do existente no Mantemento do CHUVI e non do H. Xeral que é o que se está a tratar. Ademais, xa se explicou que cos incrementos plantexados non dan para o novo cuadrante que cubra os 365 días as 24 horas.
A Comisión de Centro pide unha reunión con este tema.
A Dirección de Xestión cre que se parte do plantexamento de problemas non iguais xa que a dirección os considera problemas de organización e eles exclusivamente de cargas de traballo.



-Mobilidade. Darase traslado do documento.

- A C. Centro lembra está pendente de convocar a reunión coas matronas.

Sen máis temas que tratar dase por rematada a reunión as once horas e corenta e cinco minutos da data.

D. José Luiz Díaz Fernández
Vilaseco

Dona. M^a Xosé Rodríguez

Xerento do Chuvi

Secretaria da Comisión de Centro

